CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIÓN LEITEIRA GALEGA (ULEGA) POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NOS ORZAMENTOS DE 2026 DA INSTITUCIÓN PROVINCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "RURAL EMERXE: XUVENTUDE E NOVAS NARRATIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA"

Expediente: 2026076912. Código do convenio: 2026000358

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358** - Data: 18/11/2026 11:12

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H) - Data: 18/11/2026 10:38

Firmado por: ***4220** JOSE MANUEL LISTE (R: ****0321*) - Data: 18/11/2026 09:39

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIÓN LEITEIRA GALEGA (ULEGA) POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NOS ORZAMENTOS DE 2026 DA INSTITUCIÓN PROVINCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "RURAL EMERXE: XUVENTUDE E NOVAS NARRATIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA"

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

REÚNENSE

Luis López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra, quen actúa en virtude das competencias que se lle atribúen nos artigos 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Da outra, José Manuel Liste Liñares, con NIF 44842203-T, en calidade de presidente da organización de produtores de leite Unión Leiteira Galega (en adiante, ULEGA), con CIF G-70303219 e domicilio social na rúa do Doutor Maceira, 13, baixo, 15706 Santiago de Compostela, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións, Sección 1.ª, núm. nacional 600073. A súa representación resulta da certificación da acta da xunta xeral extraordinaria realizada o 11 de decembro de 2018, na que figuraba como único punto da orde do día a renovación dos cargos.

Dá fe do acto Beatriz del Cerro del Río, secretaria xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e de acordo cos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións de calquera entidade pública.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

De acordo co anterior,

EXPOÑEN QUE

Primeiro. No artigo 36.1.d da LRBRL establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, ámbito no que se enmarcan as actuacións dirixidas á dinamización do medio rural, ao impulso do relevo xeracional e á xeración de oportunidades para a mocidade, que contribúen ao desenvolvemento e á cohesión territorial da provincia de Pontevedra.

Segundo. A través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, a Deputación de Pontevedra desenvolve políticas, programas e plans dirixidos á mocidade e a abordar os desafíos demográficos da provincia, impulsando actuacións destinadas a favorecer a participación xuvenil, a igualdade de oportunidades, a xeración de novas oportunidades profesionais e a fixación de poboación no territorio, especialmente nos concellos rurais.

Neste marco, considérase prioritario promover iniciativas que contribúan a dinamizar o medio rural, a poñer en valor o seu potencial económico e social, a fomentar o emprendemento e a innovación e a impulsar o relevo xeracional nos sectores produtivos. Así mesmo, resulta fundamental favorecer a incorporación do talento novo ao tecido económico rural e visibilizar oportunidades que lle permitan á mocidade desenvolver os seus proxectos persoais e profesionais na provincia de Pontevedra.

Terceiro. ULEGA é unha asociación constituída en 2011 por iniciativa de produtoras e produtores de leite e recoñecida en 2012 como a primeira organización da produción de leite de vaca destas características en España. Conta cunha importante representatividade no sector lácteo e cunha implantación directa na provincia de Pontevedra, especialmente no medio rural, que lle permite coñecer de primeira man as necesidades das explotacións e do tecido produtivo.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

A súa experiencia e proximidade ao territorio convértena nun axente de referencia para impulsar iniciativas relacionadas co relevo xeracional, a modernización e sustentabilidade do sector primario e a incorporación de talento novo, así como para visibilizar novas oportunidades profesionais no rural e contribuír á súa dinamización, innovación e desenvolvemento.

Cuarto. Os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como se recolle no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP). Pola súa banda, no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), establécese que "os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado ou nos das corporacións locais, sen prexuízo do que para este respecto estableza a súa normativa reguladora".

Quinto. No artigo 22.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra disponse que as subvencións se poderán conceder de forma directa cando estean consignadas con carácter nominativo no orzamento.

Sexto. O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 25 de setembro de 2026, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 8/2026, no que se prevé, entre outras, unha subvención nominativa a favor de ULEGA por un importe de dez mil euros (10.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02. Rematado o prazo de exposición pública sen que se presentasen reclamacións contra a devandita modificación orzamentaria, esta considérase definitivamente aprobada, de conformidade co edicto publicado no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 210, de 30 de outubro de 2026.

Sétimo. O 2 de novembro de 2026, con núm. de rexistro WEB2026080807, ULEGA presenta unha solicitude de subvención por un importe de 10.000,00 €, cuxo obxecto é desenvolver o proxecto "Rural emerxe: xuventude e novas narrativas en Pontevedra" no último trimestre de 2026. Xunto á solicitude, achega a memoria descritiva da actividade (documento co CSV Q6LWOWDD4QOC5GI3) e o orzamento do proxecto (documento co CSV Q004A8SF2QK40ZXA).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

Oitavo. Unha vez avaliadas a solicitude e a documentación restante achegada, a Xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, como órgano instrutor, emite un informe no que se acredita que esta reúne os requisitos establecidos na LXS e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Noveno. A finalidade deste convenio é canalizar a favor de ULEGA a subvención que figura no vixente orzamento provincial, así como establecer as condicións e os compromisos que asume a entidade beneficiaria.

De acordo cos motivos expostos e co fin de que as dúas entidades cumpran cos seus obxectivos, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.a da LXS, as partes comparecentes, na representación que ocupan,

ACORDAN

Formalizar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e ULEGA para canalizar unha subvención nominativa coa finalidade de executar o proxecto "Rural emerxe: xuventude e novas narrativas en Pontevedra", de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a concesión directa da subvención prevista nominativamente no Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026 a favor de ULEGA. A subvención destínase a financiar a realización do proxecto **"Rural emerxe: xuventude e novas narrativas en Pontevedra",** que se desenvolverá no último trimestre de 2026.

O proxecto, tal e como se detalla na memoria incorporada ao expediente, ten como finalidade impulsar o talento da mocidade e a participación activa desta na transformación do medio rural da provincia de Pontevedra, poñendo en valor a memoria e o patrimonio local, fomentando o intercambio interxeracional e visibilizando novas oportunidades de emprendemento, emprego e desenvolvemento profesional no rural.

Con este obxectivo, o proxecto estrutúrase en tres liñas de actuación: a creación de espazos de encontro e colaboración entre mocidade e persoas maiores en tres concellos rurais, a elaboración e difusión dun pódcast con experiencias de mozas e

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

mozos vinculadas ao rural e o desenvolvemento dun plan de divulgación permanente a través de redes sociais, boletíns electrónicos e materiais e espazos web.

Segunda. Contía e crédito orzamentario

A contía da subvención ascende a 10.000,00 €, con cargo á aplicación 26/233.2310.480.02 do orzamento provincial vixente, o que supón un coeficiente de financiamento do 100 % sobre o presuposto detallado do proxecto presentado pola entidade beneficiaria, incluído o IVE.

A contía subvencionable determinarase tomando como referencia o orzamento con IVE, ao declarar a entidade beneficiaria que este imposto non ten carácter deducible, de conformidade coa documentación achegada ao expediente.

Terceira. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

- Aprobar e comprometer o gasto da subvención prevista nominativamente no seu orzamento á entidade ULEGA e aboar o importe de 10.000,00 €, condicionado ao cumprimento dos termos establecidos neste convenio.
- Tramitar, resolver e notificar o convenio nos termos nel establecidos.

Cuarta. Obrigas de ULEGA

ULEGA comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade e destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal se lle concedeu, de acordo coa memoria e co orzamento achegados xunto coa solicitude.
- Contar cos permisos e coas autorizacións necesarios para realizar o obxecto deste convenio.
- Achegar os medios necesarios para garantir o desenvolvemento do proxecto.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Facer constar a colaboración e o financiamento da Deputación de Pontevedra en todas as accións de publicidade e difusión do proxecto, independentemente do medio ou soporte empregado, para o que se incorporará a súa imaxe corporativa en toda a documentación, materiais e información relacionados co obxecto do convenio, de maneira visible e destacada.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.
- Someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información se lle requira no exercicio das actuacións anteriores.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención xeral da Deputación de Pontevedra no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir cos demais supostos contemplados neste convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da LXS.
- Prestar o seu consentimento para incluír e facer público, se así se estimase, no Rexistro público de axudas, subvencións e convenios, este convenio de colaboración.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

Quinta. Notificación electrónica

- As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sexta. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que estean correctamente xustificados de conformidade coa normativa en vigor, sexan necesarios e respondan de maneira indubitada á natureza e ao normal desenvolvemento do proxecto. Estes deberán corresponderse cos conceptos e importes detallados no orzamento achegado xunto coa solicitude, sen prexuízo do réxime de desviacións e modificacións que resulte aplicable.

Sétima. Prazo e procedemento de xustificación e pagamento

A entidade beneficiaria da subvención deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención. O prazo para presentar a xustificación rematará o 31 de xaneiro de 2027.

Ademais, esta deberá presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal.

Para a xustificación da axuda deberá presentar a seguinte documentación:

1. Conta xustificativa, segundo o modelo dispoñible en https://sede.depo.gal, na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo nos que se reflicta que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.
2. Xustificación de ingresos, na que se relacionen outras axudas concedidas para a mesma finalidade, así como os importes correspondentes a doazóns, patrocinios e outros ingresos que lle afecten total ou parcialmente á actividade subvencionada.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

3. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. As facturas deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios.
4. Memoria de actuación debidamente asinada, na que figuren as actividades efectuadas, os obxectivos acadados e os resultados obtidos.
5. Acreditación da debida divulgación do financiamento da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos que inclúan o logotipo da Deputación de Pontevedra.

A falta de presentación de xustificación, unha vez transcorrido o prazo establecido, dará lugar ao requirimento de xustificación por parte da Deputación no prazo improrrogable de quince (15) días, segundo o disposto no artigo 25.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación. Se non se presentase a xustificación nestes quince (15) días, perderase o dereito ao cobro e/ou o reintegro da subvención outorgada ao abeiro deste convenio de colaboración.

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación son as seguintes:

- Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial.
- Establecerase unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos respecto ao orzamento inicial que non superará o 20 %. A variación dos importes entre os conceptos de gasto corrente (excepto os gastos de persoal) ou os ingresos e a introdución de novos conceptos non se considerará unha modificación da subvención concedida, sempre que, de xeito indubidable, non se modifique o obxecto desta.
- O pagamento das facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse, de non facerse antes, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos e preferentemente a través de entidades financeiras. Será obrigatorio cando o importe de cada factura supere os novecentos euros (900,00 €).
- A entidade beneficiaria, de acordo co establecido no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, estará suxeita ao control financeiro que se poida exercer no prazo de catro (4) anos, contados a partir do pagamento da subvención. Ademais, indicaráselle que, de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe destes).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

- Para o pago da subvención, terase en conta o seguinte:
    - En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
    - En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, sempre e cando se acredite o cumprimento da finalidade ou do proxecto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

O orzamento subvencionable calcularase tomando como referencia os custos reais co IVE incluído, tendo en conta a declaración responsable formulada pola entidade beneficiaria na súa solicitude de que o devandito imposto non ten carácter deducible.

A subvención aboarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Para aboar a cantidade, a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non poderá estar incursa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.

Oitava. Control, seguimento e avaliación

A Deputación de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

O persoal técnico do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico velará por que se cumpran as condicións esixidas para a concesión da subvención e para que se realicen correctamente todas as actuacións previstas na memoria da actividade.

A través da área de Intervención, esta subvención poderase someter a control financeiro, tal e como se establece nos artigos 44 da LXS e 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

De acordo co recollido na Resolución presidencial do 14 de febreiro de 2023 (núm. de rexistro 2023001273), segundo o procedemento aprobado na Resolución presidencial do 3 de maio de 2017 (núm. de rexistro 2017008767), en relación coa remisión ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen coa Deputación e cos seus organismos dependentes, no artigo 53 da LRXSP e na normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución do 2 de decembro de 2016), as entidades locais deben remitir anualmente e por procedemento telemático unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados por estas (e polas súas entidades dependentes) no exercicio anterior, independentemente do seu importe e antes de que conclúa o mes de febreiro do exercicio seguinte ao que se refira. Ademais, deberán comunicarse as incidencias que xurdan durante a súa execución (modificacións, prórrogas ou variacións de prazos etc.) no prazo de tres (3) meses desde a data na que se produzan.

Para tales efectos, co obxectivo de contribuír aos principios de publicidade e transparencia, este convenio publicarase nas páxinas web das entidades asinantes.

Novena. Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de xaneiro de 2027.

En canto ao período de realización das actividades, este abrangue desde o 1 de outubro ata o 31 de decembro de 2026, con independencia da data na que se asine.

Décima. Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada neste convenio.

Ao abeiro do previsto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións da Deputación de Pontevedra, a entidade beneficiaria ten a obriga de presentar unha declaración de axudas ou subvencións concedidas para o mesmo fin que o estipulado neste convenio.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade que se vai desenvolver. Non obstante, por parte da entidade beneficiaria, non poderá subcontratarse máis do 50 % do importe da actividade subvencionada.

Décimo primeira. Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio as previstas no artigo 51.2 da LRXSP, que poderán dar lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros.

Décimo segunda. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Perderase o dereito ao cobro da subvención e/ou o reintegro, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Incumprir as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Non achegar os permisos ou as autorizacións necesarios para realizar a actividade, de ser estes necesarios.
- Incumprir a obriga de presentar a xustificación nos termos establecidos.
- Incumprir as demais causas recollidas na normativa de subvencións.

Décimo terceira. Control financeiro

O control financeiro fará referencia á totalidade de gastos e ingresos da actividade subvencionada.
A contabilidade deberá estar reflectida nos libros contables co total de gastos e de ingresos e, no caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme á lexislación vixente, na que se indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

Décimo cuarta. Réxime xurídico e lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016).
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente.
- Con carácter supletorio, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

As lagoas ou controversias que xurdan na aplicación deste convenio serán interpretadas e resoltas motivadamente pola Administración provincial.

Contra estas resolucións, de natureza administrativa, poderase interpoñer recurso ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

Décimo quinta. Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ningunha, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Deputación de Pontevedra, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a esta institución responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A entidade beneficiaria quedará obrigada a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e fiscais do persoal contratado por ela para levar a cabo as actividades financiadas por este convenio, de ser o caso.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA

Décimo sexta. Protección de datos

As partes manifestan que coñecen e cumpren a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométense a darlles un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.
As partes comprométense a:

- Tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- Garantir que estes datos non sexan obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- Non cedérllelos a terceiras persoas, salvo nos casos nos que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso das súas empregadas e empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio. Os datos de carácter persoal deberán destruírse ou devolverse unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento no que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes, sen prexuízo das excepcións que se puidesen establecer na normativa ou nas decisións xudiciais con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que o requiran pola súa natureza. Deberá dárselle o mesmo destino a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

En proba de conformidade, as partes intervenientes asinan este convenio dixitalmente.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):45TXR5PXI7H12KOA